

## OBTENCIÓN DE TÍTULO DE GRADUADO EN ESO

Para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria requirirase:

Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura, e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas.

A estes efectos:

a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse como materias distintas.

b) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno o alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

*Extraído da RESOLUCIÓN do 9 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no RD 562/2017, de 2 de xuño. .*

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE CURSO

...

“As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.”

...

“Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.”

...

“No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.”

...

“O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.”

*Extraído do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, Título I, Capítulo IV, Artigo 23.*

“Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. ... No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.”

*Extraído do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, Título II, Capítulo III, Artigo 35.*

## CONSELLO ORIENTADOR DA ESO

“Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados reflectiranse no consello orientador, expresándose nos termos de: Insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.”

...

“Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. De consideralo necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

Este consello orientador elaboraráo o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do Departamento de Orientación. Levará a sinatura do profesorado titor, da xefa ou do xefe do Departamento de Orientación e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.”

*Extraído da RESOLUCIÓN do 9 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Educación.*